



Anterior edición da subasta celebrada na localidade do Corgo. ADC

Boas perspectivas para a poxa de Adai

SUBASTA DE 15 EXEMPLARES. Acruga presenta oito animais, sete deles femias procedentes do centro de recría de Castro de Rei

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

A localidade de Adai, no municipio do Corgo, ten mañá unha nova cita coa rubia galega, xa que o seu recinto feiral acollerá unha nova subasta de exemplares desta raza, que segundo Acruga, asociación que organiza o evento, parte con boas expectativas tanto de vendas como de cotizacións.

A primeiras horas da mañá, comezarán a chegar ó feiral os 15 exemplares que serán os protagonistas da poxa, 12 femias preñadas de entre 18 e 24

meses e tres machos de entre 15 e 17.

Destes 15 animais que serán presentados á poxa, Acruga aportará un macho e sete femias, todas elas procedentes do centro de recría de novillas, na Granxa Gayoso Castro, en Castro de Rei, grazas ó convenio que o colectivo mantén coa Deputación de Lugo para a cría dun rabaño de élite.

Os gandeiros que acoden á poxa con cabezas de gando son os que se encargan de establecer os prezos de saída, aínda que o de Acruga rondará os



As subastas de Adai son todo un referente para o sector gandeiro. ADC

1.800 euros por animal. Hai que lembrar que a Caixa Rural Galega ofrece unha axuda pola compra de animais, de 300 euros para as femias e de 400 para os machos

En calquera caso, as expectativas sobre os prezos que se acadarán na subasta de mañá son boas, porque, pese á difícil situación económica xeral e da gandeiría en particular, Adai sempre é un referente no que a poxas de gando se refire, o que conleva que sexan moitos os gandeiros da provincia que se acheguen ata o recinto feiral para poxar por algún dos exemplares

presentados. Así o explica a secretaria executiva de Acruga, Ángeles Moreno, quen sostén ademais que non hai que esquecer «as boas cotizacións e a tendencia á alza que está a colleitar esta raza na maioría dos certames».

O presidente de Acruga, César Dorado, vai aínda máis lonxe ó asegurar que «a rubia galega está de moda; cada vez son máis os interesados en introducir esta raza nas súas explotacións. A comercialización da súa carne está crescendo e agora esperamos que aínda máis, despois de presentar a nova marca Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega, grazas ó convenio asinado hai un ano coa Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega».

Os gandeiros interesados en adquirir algún destes exemplares poderán recoller as tarxetas da poxa na mañá do sábado, no mesmo recinto feiral de Adai, antes de comezar a subasta, fixada para as doce da mañá.

Cotizacións

A ASOCIACIÓN ESPERA ACADAR BOS RESULTADOS NAS VENDAS E NOS PREZOS



*Subasta
Adai (O Corgo)*

*Sábado, 22 de outubro 2011
12.00 horas*



CAIXA RURAL
GALEGA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

